



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “TÁBOAS INPUT-OUTPUT DA PESCA GALEGA 2019”

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

REÚNENSE

Dona Rosa María Quintana Carballo, Conselleira do Mar, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora de la Xunta e da súa Presidencia de acordo co seu nomeamento feito polo Decreto 148/2016, de 13 de novembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 168/2015 de 13 de novembro, publicado no DOG número 221 de 19 de novembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar. (modificado por Decreto 39/2018, de 5 de abril) e

D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con NIF Q1518001A e con domicilio en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, segundo o Decreto 57/2018 do 31 de maio da Xunta de Galicia (DOG do 05/06/2018), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (BOE de 24/12/2001) e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 12/02/2014)

EXPOÑEN:

-Que a Consellería do Mar ten entre as súas competencias as relativas a innovación , a investigación mariña e as relativas a divulgación e transferencia tecnolóxica sobre o mar e a pesca, que executa tanto a través dos seus propios recursos e programas como en colaboración con outras entidades, apoiando as accións que coinciden cos obxectivos da Consellería.





-Que a Consellería a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten en marcha actividades de investigación e divulgación sobre o mar e a pesca orientadas ao coñecemento da realidade socioeconómica da pesca galega, nas que é preciso contar cunhas ferramentas máis precisas para medir a importancia da pesca para Galicia e para difundir os resultados para o coñecemento da sociedade e do propio sector.

-Que na consecución deste obxectivo as táboas Input-Output da pesca galega constitúen un dos mellores instrumentos para dimensionar a importancia e a realidade do sector por canto miden a súa dimensión e a súa relación con outros sectores da economía.

-Que as citadas táboas foron elaboradas nos anos 1995, 1999 y 2011 polo que dado o tempo transcorrido dende a elaboración das últimas, faise evidente que estas non reflicten a realidade actual da pesca en Galicia dados os importantes cambios cualitativos e operativos operados a partir do 2011.

Faise necesario actualizar esa ferramenta, elaborando unhas táboas que recollan a realidade no ano 2019 e que ademais proporcionen unha información de carácter global que poida apoiar a posición da Comunidade Autónoma de Galicia ante a Unión Europea.

-Que a metodoloxía de elaboración destas táboas é moi especial e específica e require de coñecementos e experiencia para que a confección das mesmas acade e aporte os resultados esperados, polo que se fai necesario contar con equipos que reúnan estas características.

-Que a Universidade de Santiago, ten entre súas finalidades a investigación en todas aquelas áreas que lle concirnen e na elaboración de estudos e traballos que permitan un mellor coñecemento da realidade social e económica de Galicia.

-Que na Universidade está integrada a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais que conta con equipos moi especializados na materia relativa á economía pesqueira, que ademais reúnen os coñecementos e a experiencia necesaria para realizar con éxito a elaboración das mencionadas táboas. Que unha das finalidades de dita Facultade é acadar un mellor





coñecemento da realidade económica de Galicia e consecuentemente, realiza numerosos traballos de investigación e estudo en dita materia, polo que a elaboración das táboas Input-Output da pesca galega constitúe un interese esencial ao ser o sector pesqueiro un dos máis importantes da economía galega.

-Que a Universidade de Santiago de Compostela e a única que conta con equipos que xa elaboraron este tipo de táboas para a pesca galega o que permite garantir unha comparación coas anteriores coa máxima coherencia metodolóxica.

-Que o interese público, social e económico das táboas Input-Output reside na utilidade que as mesmas representan para os diversos axentes económicos que teñen interese no sector pesqueiro de Galicia, xa sexan empresas, corporacións de dereito público (confrarías), asociacións de armadores e tamén as diferentes Administracións Públicas.

-Que as citadas táboas relativas tanto á pesca como ao sector conserveiro de Galicia son unha importante ferramenta de análise económico de carácter sectorial indispensable para o coñecemento da súa realidade económica e das súas relacións de interdependencia con outros sectores da economía.

-Que contar con ese tipo de ferramenta debidamente actualizada é fundamental tanto para a propia consellería como para o resto das Administracións Públicas e en xeral, para toda a sociedade galega e resulta de interese xeral para a planificación e a toma de decisións nos diferentes ámbitos subsectoriais da pesca.

-Que por todo o exposto e dada a concorrencia de intereses e obxectivos comúns e as especificidades que concorren, faise necesario acudir á figura do convenio de colaboración regulado no artigo 14 da Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico e nos artigos 47 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.





ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das actuacións e traballos necesarios para elaborar as táboas Input-output da pesca galega 2019 (en adiante táboas), de conformidade co establecido no presente convenio

Segunda. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

Realizar as actuacións de recompilación, investigación e estudo para elaborar as táboas, tales como: recollida de datos e información, análise da mesma, elaboración, redacción e maquetación das táboas, así como a entrega de dous exemplares en formato papel e copia do mesmo en soporte dixital, este último en lingua galega cunha versión traducida ao castelán.

Terceira. Obrigas da Consellería do Mar

A Consellería do Mar, o través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación coas actuacións deste convenio.

Cuarta. Dirección dos traballos.-

A Universidade de Santiago de Compostela designa a Gonzalo Rodríguez Rodríguez para realizar a dirección e seguimento da execución das actuacións enumeradas na estipulación primeira do presente convenio.

Por parte da Consellería do Mar a dirección e o seguimento se realizará polo xefe/a do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro e o persoal técnico que se designe

QUINTA. Presentación de resultados e informes.-

Os responsables do USC informarán ao responsable da CM da marcha dos traballos realizados mediante a emisión dun informe anual con independencia doutros informes puntuais que





poidan ser requiridos ao longo do ano. O correspondente informe anual será presentado non máis tarde do 15 de decembro de cada ano, excepto o informe final que será remitido ao responsable da CM no prazo máximo de tres meses tras a finalización da vixencia do convenio .

SEXTA.- Financiamento

A Consellería do Mar a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro colaborará na realización das actuacións citadas na estipulación primeira do presente convenio cunha aportación de cento cincuenta e tres mil euros (153.000,00 €) que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 15 03 722A 640 7 (c.p. 2015 00578) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos: 2019: 41.330,52 €; 2020 :71.531,53 € e 2021: 40.137,95 €

Dita cantidade será aboada pola Consellería do Mar a USC mediante transferencias bancarias na c/c número IBAN ES27.2080.0387.8031.1000.0209 “Universidade de Santiago-Contratos e Convenios” de ABanca, en rúa Rosalía de Castro, 89, 15706 – Santiago de Compostela, tras a entrega por parte da USC da documentación que figura na Cláusula Sétima.

SÉTIMA.- Xustificación e pago.

O importe que a consellería achegará ten como destino a compensación dos custos nos que incorre a Universidade de Santiago de Compostela polo que non existe ánimo de lucro por parte desta última.

O pagamento anual farase tras a entrega por parte da USC de:

1. **A memoria da actividade científico-técnica** realizada en cada período de xustificación.
2. **A memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos no período de xustificación.** A USC entregará xustificación documental dos gastos realizados baixo este convenio mediante as correspondentes facturas e/ou certificados. En dita xustificación permitirase un desvío entre conceptos de ata un 15 %.

A data limite de entrega das memorias será o 26 de decembro de cada ano.





Previo ao aboamento que corresponda certificarse, polo responsable do proxecto, que os traballos realizados se axustan ao previsto no presente Convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos e pagos sexa inferior o importe fixado na estipulación sexta do convenio, a aportación da Consellería do Mar diminuíra de xeito proporcional.

OITAVA: Da propiedade dos datos e da difusión dos resultados.-

A CM e a USC manterán a confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados do proxecto, sempre que non sexa de dominio público, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente convenio.

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela tal e como se recolle nos artigos 53 e seguintes da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable. Ambas as dúas partes, unha vez executadas as investigacións descritas no proxecto, comprométese a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do convenio.

Neste sentido, cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados das análises son froito do presente convenio de colaboración.

NOVENA: Do dereito moral dos investigadores.-

Na publicación, no seu caso, dos resultados do proxecto deberán respectarse os dereitos dos membros do equipo de investigación, en especial o dereito para ser designados como inventores ou autores.

Cando unha das partes desexa utilizar, en parte ou na súa totalidade dita información para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade á outra parte por escrito que, á súa vez, deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días.





Transcorrido o devandito prazo sen obter resposta, considerarase que a parte correspondente autoriza a utilización da devandita información.

As publicacións deberán recoñecer e facer constar a participación de todos os investigadores que interviñeron na súa obtención, así como a súa pertenza ás institucións de quen depende. En calquera dos casos de difusión farase sempre especial referencia ao organismo financiador. No suposto de resultados susceptibles de protección así como de explotación, as partes, nun prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, comprométense a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade industrial e as condicións da súa explotación.

En calquera caso, ambas as dúas entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do proxecto en actividades propias da súa función investigadora.

DÉCIMA .- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A firma do convenio suporá o consentimento expreso da Universidade de Santiago de Compostela á Administración da Xunta de Galicia para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. Comisión de seguimento

Para a supervisión deste convenio crearase unha comisión paritaria que coordinará o seu desenvolvemento, planificación e cumprimento e que estará constituída polo/a director/a xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou persoa que o/a substitúa en representación da Consellería do Mar, e polo Vicerreitor de Investigación e Innovación ou persoa que o substitúa en representación da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta comisión, que estará presidida polo/a Director/a Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou persoa que o/a substitúa, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste senso serán inmediatamente executivos.





DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data de súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, despois de audiencia da outra parte e cun mes de adianto como mínimo.

DÉCIMO TERCEIRA. Responsabilidade das actuacións

A sinatura do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e outro persoal que vaian a desenvolver as actividades previstas e a Consellería do Mar, de tal maneira que a esta no se lle pode esixir ningunha responsabilidade —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO CUARTA. Resolución do convenio

O presente convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

Se se resolve o convenio por incumprimento da Universidade de Santiago de Compostela, a Consellería do Mar pode, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades aportadas para o seu financiamento.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade

En todas as actividades, actuacións informativas, divulgativas e publicacións que se fagan, relacionadas coas actividades deste convenio, farase constar nun lugar destacado a colaboración entre as dúas partes e usarse para iso, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa.

Así mesmo, sexa cal sexa o medio de difusión, calquera das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.





DÉCIMO SEXTA .- Normativa aplicable y xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A posible discrepancia na aplicación e interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou o resolverá a Comisión de Seguimento prevista na estipulación Décimo Primeira.

A Xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asinan no lugar e data mencionados.

Pola USC

Pola CM

D. Antonio López Díaz

Dña. Rosa María Quintana Carballo



ANEXO

TÁBOAS INPUT OUTPUT DA PESCA GALEGA 2019

Obxeto.

Elaboración dunha Táboa Input-Output da Pesca-Conserva Galega 2019 (TIOGAL-19 en adiante) que recolla a actividade pesqueira galega, partindo da definición conceptual da pesca galega como complexo industrial que integra a pesca extractiva, o marisqueo, a acuicultura mariña, a conserva e os novos transformados así como as depuradoras e o sector maiorista en orixe.

Adóptase como data de referencia para representar a estrutura produtiva do sector o ano 2019 e, como criterio metodolóxico, dar continuidade a metodoloxía empregada nas Táboas de 1995, 1999 e 2011 a fin de garantir a comparabilidade dos datos e o estudo analóxica dos resultados.

Universo do estudo

O obxecto de estudo estará constituído por 6 grandes subsectores produtivos cos seguintes cuestionarios diferenciados:

1. Pesca Extractiva
 1. Pesca 1 (Baixura 1):
 2. Pesca 2 (Baixura 2):
 3. Pesca 3 (Litoral):
 1. Cerco.
 2. Arrastre.
 3. Palangre.
 4. Pesca 4 (Altura)
 5. Pesca 5 (Grande altura):
2. Miticultura
3. Conserva e Novos Transformados
4. Marisqueo
5. Piscicultura mariña.
6. Sector comercializador.
 1. Depuradoras.
 2. Maioristas en orixe.



Etapas na elaboración da TIOGAL-19

Á hora de elaborar unhas táboas input-output deben desenvolverse unha serie de tarefas imprescindíbeis que delimitan as distintas etapas do traballo. Estas tarefas se estruturan en tres fases que se corresponden con:

- os traballos previos e básicos para a preparación e recollida de información.
- a recollida directa e indirecta de información, control do proceso e resolución de problemas na compilación
- o procesado da información, preparación das táboas, depuración dos datos e estimación das magnitudes

ORZAMENTO USC

Partidas	2019	2020	2021	TOTAL
Contrato investigador	9.629,76 €	29.702,39 €	21.547,57 €	60.879,72 €
Contratos enquisadores		19.962,72 €		19.962,72 €
Gastos transporte	1.000,00 €	2.000,00 €	1.054,11 €	4.054,11 €
Pagos PDI	20.000,00 €	10.000,00 €	12.000,00 €	42.000,00 €
Equipo técnico	5.000,00 €			5.000,00 €
Custos indirectos USC (16%)	5.700,76 €	9.866,42 €	5.536,27 €	21.103,45 €
TOTAL	41.330,52 €	71.531,53 €	40.137,95 €	153.000,00 €